



BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2017-18”

(Aprobadas pola Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria do 16 de novembro de 2017)

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a trinta e seis nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2018. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de nove nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.
2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2009, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.
3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.
4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 1 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 15 de decembro de 2017.
5. O sorteo realizarase o día 20 de decembro de 2017, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.
6. No sorteo, ademais dos nenas e nenos seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.
7. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Festas e Turismo, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.
8. O Concello de Vigo ofrecerá ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.
9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.
10. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.